

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ORDE do 27 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes ou mancomunidades, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

O Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, regula no artigo 72 a posibilidade de que a Xunta de Galicia poida conceder subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil.

Conforme o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspóndelle a esta, entre outras competencias, as de protección civil.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia dispón no seu artigo 48 punto catro que as autoridades en materia de protección civil e emerxencias, en coordinación coa consellería da Administración autonómica competente en materia de voluntariado promoverán a creación, o desenvolvemento e o equipamento das organizacións do voluntariado de protección civil.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas, polo Decreto 229/2012 e 320/2012, do 2 de decembro,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia (AVPC), segundo recolle o artigo 72 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, e proceder á súa convocatoria para o ano 2014 en réxime de concorrencia competitiva.



Con estas axudas preténdese colaborar economicamente coas AVPC nos gastos de natureza corrente, o que posibilitará o funcionamento destas entidades dentro dos seus concellos e a colaboración nos plans e programas de protección civil da Xunta de Galicia.

Artigo 2. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarias das subvencións as agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia legalmente constituídas, sen fins de lucro, que no día da publicación desta orde cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil ou que tivesen presentada oficialmente a solicitude de inscrición neste, quedando neste caso condicionada a concesión da subvención á efectiva inscrición, segundo se establece no artigo 59 e concordantes do Decreto 56/2000, do 3 de marzo. Esta condición debe cumprirse, como moi tarde, no último día do prazo de presentación de solicitudes.

b) Ter dependencia dun concello de menos de 50.000 habitantes ou mancomunidade de concellos, xustificado a través de certificación emitida polo concello ou mancomunidade onde teña o domicilio a entidade.

c) Xustificar o investimento e liquidación de subvencións concedidas en anos anteriores, segundo o disposto nos artigos aplicables da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de tal forma que a non xustificación deste investimento e liquidación leva consigo non poder optar ás subvencións nos seguintes exercicios.

d) Non ter sido condenados por sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións públicas, estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

e) Cumprir o disposto no artigo 54 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

Artigo 3. *Crédito*

Para a consecución do obxectivo ao que se refire esta orde, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza destinará ata un límite de 340.000 €, con cargo á partida orzamentaria 05.25.212A.481.0 código de proxecto 2014 00118, co-



respondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

As dotacións orzamentarias indicadas poderán incrementarse, se fose procedente, con fondos comunitarios, do Estado ou da comunidade autónoma. Nese suposto tramitarase o oportuno expediente de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de acordo co disposto no artigo 30.2.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. En todo caso, a concesión das subvencións estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Nos casos de renuncia dos solicitantes, anulación ou minoración por menor xustificación final das cantidades inicialmente aprobadas, as dotacións orzamentarias resultantes poderanlles ser adxudicadas a outros solicitantes de acordo coa orde de prelación que resulte da aplicación dos criterios do artigo 7 desta orde. Tamén poderán aplicarse para as aprobacións derivadas da resolución de recursos deste ou anteriores anos.

Os incrementos das dotacións orzamentarias indicadas no parágrafo anterior poderán empregarse para aumentar as contías das axudas ou o número das subvencións concedidas, sempre que se solicitasen no período indicado no artigo 5, sen necesidade de abrir un novo período de solicitudes.

Artigo 4. *Destino das subvencións*

As subvencións poderán ser utilizadas en:

1. Equipamento e vestimenta persoal de uniforme.
2. Equipos de prevención e de protección, sempre que se trate de material funxible (incluído material de caixa sanitaria).
3. Gastos ocasionados durante as actuacións levadas a cabo pola agrupación en materia de protección civil.
4. Gastos ocasionados pola conservación, mantemento e/ou aluguer da súa base e medios de intervención, así como os gastos de comunicación fixos e móbiles de voz e datos.
5. Pagamento de seguros do voluntariado de protección civil ou outro tipo de seguros relacionados co desenvolvemento do traballo e das tarefas da agrupación de voluntarios de protección civil.



6. Gastos ocasionados pola formación dos seus compoñentes.

7. Equipamento do material informático e de comunicacións, sempre que en ambos os casos se trate de elementos funxibles.

Artigo 5. *Solicitudes*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

2. A correspondente solicitude, dirixida á persoa titular da xefatura territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, presentarse dentro do prazo dun mes a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publi-



cación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Xunto coa solicitude presentarán a seguinte documentación:

a) Memoria das actuacións levadas a cabo pola agrupación no ano 2013 relacionando o número de intervencións e número de voluntarios participantes en cada unha (en soporte informático).

b) Fotocopia compulsada do NIF da AVPC, no caso de non ter solicitado a subvención no ano 2013 ou existir variación de datos respecto a esa solicitude.

c) Certificado da compañía aseguradora no que conste o número de voluntarios asegurados. No caso de que o sexan todos de forma non nominativa, deberá indicarse esta circunstancia na correspondente póliza, aínda que tamén poderá xustificarse con un certificado da compañía aseguradora.

d) Copia compulsada do convenio ou acordo de colaboración suscrito, entre concellos ou de estes coa AVPC para a prestación dos servizos de protección civil de maneira mancomunada.

3. A presentación da solicitude leva implícita a autorización para a publicidade, inscrición no rexistro procedente e o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios para esas finalidades, así como a especificada no artigo 7, por exixencia normativa, segundo se especifica no artigo 9 desta orde.

4. Os defectos nas solicitudes seranlles notificados aos interesados polas xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, concedéndolles un prazo de dez días para emendar os erros e omisións. Transcorrido este prazo sen que se produza a emenda, as peticións arquivaranse, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 6. *Instrución*

1. Unha vez recibida a documentación nas xefaturas territoriais, os titulares destas remitiran á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, acompañada dun informe administrativo sobre o cumprimento do sinalado no artigo 5, e sinalando expresamente aqueles cambios de NIF e/ou conta bancaria respecto ao ano anterior.



2. Constituirase unha comisión de avaliación, que estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, ou persoa en quen delegue, formada polos cinco titulares das delegacións territoriais da Xunta de Galicia, actuando como secretario un funcionario da citada dirección xeral que non terá dereito a voto.

3. A referida comisión fará unha proposta de resolución tendo en conta os criterios sinalados no seguinte artigo, que lle será elevada posteriormente ao órgano competente para resolver.

Artigo 7. *Criterios de avaliación*

A concesión realizarase por concorrencia competitiva, segundo a cantidade dispoñible, entre as solicitudes presentadas e avaliadas seguindo os criterios técnicos que serán valorados tendo en conta a graduación que en cada caso se indican:

1. Número de mobilizacións con asistencia ás emerxencias:

1.a. Mobilizacións realizadas polas AVPC de acordo coa información recollida polo CAE 112 GALICIA, outorgarase a maior puntuación á AVPC que teña maior número de mobilizacións no ano 2013, e ao resto, a que lle corresponda en proporción ata un máximo de 36 puntos.

Nesta epígrafe puntuarase cun máximo de 6 puntos por cada un dos seguintes tipos de mobilizacións: accidentes, incendios, protección civil, salvamento e rescate, incidencias de circulación e riscos.

Poderase limitar o número máximo e/ou mínimo de mobilizacións en cada tipo, a partir dos cales se dará a mesma puntuación aos que estean por riba ou por debaixo no seus respectivos rangos, en función do abano de posibilidades existentes.

1.b. Mobilizacións realizadas pola AVPC a petición da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou dos servizos provinciais de emerxencias. De acordo coa información recollida e certificada polos servizos provinciais de emerxencias ou a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a petición das AVPC participantes, outorgarase a maior puntuación á AVPC que teña maior número de mobilizacións no ano 2013 e, ao resto, a que lle corresponda en proporción, ata un máximo de 4 puntos. Poderase limitar o número máximo e/ou mínimo de mobilizacións, a partir dos cales se dará a mesma puntuación aos que estean por riba ou por debaixo no seus respectivos rangos, en función do abano de posibilidades existentes.



2. Ratio de número de voluntarios asegurados cada mil habitantes. Outorgarase a maior puntuación á AVPC que teña unha mellor ratio de número de voluntarios asegurados por cada mil habitantes e ao resto a que lle corresponda en proporción, ata un máximo de 5 puntos. Poderase limitar o número máximo e/ou mínimo de ratio, a partir dos cales se dará a mesma puntuación aos que estean por riba ou por debaixo no seus respectivos rangos, en función do abano de posibilidades existentes.

3. A existencia de riscos no concello, de acordo aos mapas e análise de riscos establecidos no Platerga e demais plans de protección civil, ata un máximo de 5 puntos. Puntuarase en atención aos tramos seguintes: risco moi alto (5 puntos), risco alto (4 puntos), risco moderado (3 puntos), risco baixo (2 puntos) e risco moi baixo (1 punto).

4. Atendendo ao número de núcleos de poboación (parroquias) do concello, outorgarase a maior puntuación á AVPC do concello con máis parroquias e, ao resto, a que lle corresponda en proporción ata un máximo de 3 puntos.

5. Atendendo a extensión territorial do concello, segundo os últimos datos publicados do Instituto Galego de Estatística, outorgarase a maior puntuación á AVPC do concello con máis extensión territorial e, ao resto, a que lle corresponda en proporción ata un máximo de 5 puntos.

6. As AVPC situadas nun concello que careza dun parque de bombeiros municipal, comarcal ou grupo de emerxencia supramunicipal, 6 puntos.

7. As AVPC que está situadas a máis de 30 km da sede dun parque de bombeiros municipal, comarcal ou dun grupo de emerxencia supramunicipal, 6 puntos.

8. As AVPC que presten servizo de maneira mancomunada a máis dun concello, de cara a primar proxectos de xestión compartida, 30 puntos, atendendo os seguintes criterios:

8.a. Pola presentación da solicitude conxunta coa memoria das emerxencias atendidas distribuídas por cada un dos concellos asociados ou mancomunados e de acordo ao previsto no artigo 5.2.a), 10 puntos.

8.b. Polo número de concellos asociados que reciban os servizos da AVPC, ata 20 puntos.

Outorgarase a maior puntuación á solicitude que presente maior número de concellos e ao resto a que lle corresponda en proporción.



Quedarán excluídas das subvencións aquelas AVPC que non acaden o 15 % da puntuación máxima outorgada, unha vez avaliadas a totalidade das solicitudes.

A subvención concedida será proporcional ao resultado da puntuación. En todo caso, cada subvención individual será sempre inferior a 10.000 euros.

O órgano que concede as subvencións asignará o crédito dispoñible na convocatoria por orde, segundo a listaxe á que se refire o punto anterior, comezando polas solicitudes que obtivesen a puntuación máis alta ata esgotar o crédito dispoñible.

Artigo 8. *Resolución*

1. A resolución será adoptada pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, tendo en conta a proposta que faga a comisión de avaliación.

2. A resolución das solicitudes de subvención notificaráselles a todos os peticionarios na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Transcorridos cinco meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde, sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 9. *Consentimentos e autorizacións*

As solicitudes das persoas interesadas acompañarán os documentos e as informacións determinados no punto 2 do artigo 5, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da Administración actuante; neste caso a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presen-



tados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos cales se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a vicepresidencia e consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 10. *Deberes dos beneficiarios*

As persoas beneficiarias das subvencións deberán cumprir as obrigas sinaladas con carácter xeral no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en concreto as seguintes:

a) Cumprir o obxectivo ou realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Comunicarlles por escrito, ás xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a súa aceptación ou renuncia no prazo de 10 días contados a partir do seguinte ao da notificación da resolución. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos, estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información solicitada no exercicio desas actuacións. En especial, deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta consellería, pola Intervención



Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

d) Comunicar ao órgano concedinte a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Achegar os documentos xustificativos tal e como se prevé no artigo 12.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control. En calquera caso este período non será inferior a 5 anos.

Artigo 11. *Anticipos*

Para as subvencións solicitadas poderá aboarse un anticipo de ata o 80 % da subvención concedida sempre e cando a cantidade da axuda non exceda os 18.000 € e nos casos nos que o gasto exixa pagamentos inmediatos. O citado anticipo deberá ser solicitado expresamente polo beneficiario, no propio impreso de solicitude da subvención (anexo I).

A persoa titular das xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, fará a proposta de concesión ou denegación do devandito anticipo á persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que resolverá de maneira motivada.

Para obter o ingreso do anticipo o presidente de cada agrupación, unha vez publicada a resolución de concesión das subvencións, terá que presentar na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, novamente e con data actualizada, a declaración no que se indique se pediron ou non outras subvencións para a mesma finalidade, así como a declaración de que cumpre cos requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o modelo do anexo II.

Artigo 12. *Xustificación e pagamento*

As agrupacións ás que se lles aprobaran as subvencións segundo o artigo 7 desta orde, disporán ata o 30 de setembro de 2014 para achegar ás xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de



Galicia, as facturas orixinais ou fotocopias compulsadas polas oficinas de rexistro e xustificantes bancarios de pagamento correspondentes aos gastos aprobados, conformadas polo/a presidente/a da agrupación.

Ademais dos documentos anteriores deberán achegar, coa mesma data de presentación da xustificación, a declaración do presidente/a de cada agrupación, con data actualizada, segundo o modelo do anexo II.

Se o beneficiario non presentara a xustificación no prazo establecido, as xefaturas territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, requirirán a súa presentación no prazo improrrogable de dez días.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, determinado neste artigo e a través dos documentos aquí indicados.

A liquidación do importe final das subvencións concedidas calcularase en función das facturas e demais xustificantes que se presenten ao respecto, de acordo co establecido nestas bases reguladoras e na resolución de concesión.

No caso de que os gastos totais xustificados e admitidos sexan inferiores ao importe da subvención concedida, practicarase a redución proporcional correspondente, sempre que se cumprisen os obxectivos previstos.

Entenderase que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

Poderán admitirse os documentos xustificativos por gastos efectuados, de acordo co artigo 4 desta orde, entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2014.



Consideraranse xustificantes de pagamento válidos unicamente os seguintes:

– Facturas orixinais, de acordo ao establecido do artigo 98.1 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, ou compulsadas polas oficinas de rexistro, acompañadas dos extractos ou certificacións bancarias correspondentes, debidamente identificados.

– Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1.000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro, na que figure «pagado» xunto coa sinatura, nome, apelidos e o número de NIF da persoa que recibiu o cobramento na empresa subministradora, e conformadas e asinadas polo/a presidente/a da agrupación.

– Documentos de liquidación de gastos de desprazamento e manutención en operativos de protección civil, na que figure tanto a conformidade do presidente/a da agrupación como o «xustificante de recepción» do/da voluntario/a receptor/a desta compensación.

Estas directrices afectan a todos os peticionarios, independentemente que solicitaran anticipos ou non, e para todos os gastos, incluídos os realizados con cargo ás cantidades anticipadas.

Artigo 13. *Compatibilidade*

Estas axudas son compatibles coa percepción doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. No entanto, o importe destes en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outros, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 14. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 15. *Reintegro das subvencións*

No caso de incumprimento do deber de xustificación, de destinar a subvención a unha finalidade distinta para a que foi concedida, ou se a agrupación non reúne os requisitos



exixidos nesta orde ou en calquera dos supostos indicados no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro a esta comunidade autónoma das subvencións percibidas e dos xuros xerados, seguíndose para isto o procedemento establecido no artigo 77 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Tamén se seguirá este procedemento naqueles casos nos que a xustificación da subvención sexa inferior ao anticipo concedido.

Disposición derradeira primeira

De conformidade co previsto no artigo 4.4 da Orde do 14 de maio de 2013 (DOG nº 92, do 15 de maio), delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta orde.

Disposición derradeira segunda

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira terceira

En todo o non previsto nesta orde, rexerá a normativa en materia de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, naquilo que non resulte derogado pola normativa anteriormente citada.

Disposición derradeira cuarta

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2014

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIÓNS ÁS AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL	PR460A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

Nº INSCRIPCIÓN NO REGISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

OBJECTO DA SOLICITUDE

Axudas aos gastos de equipamento, funcionamento, formación e seguros, de acordo ao establecido no artigo 4 desta orde, cun importe de €.

SOLICITUDE DE ANTICIPO

De acordo co establecido no artigo 11 da Orde do 27 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014, solicito un anticipo excepcional do pagamento da axuda, que non supere o 80 % da subvención concedida. A miña solicitude de anticipo excepcional está motivada pola necesidade de facer pagamentos inmediatos sen dispoñer de liquidez para facer fronte a estes.

SI NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA OU DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

Memoria de actuacións da agrupación do ano 2013.

Copia do NIF da agrupación se é a primeira vez que solicita a subvención.

Certificado da entidade aseguradora no que se indique o número de voluntarios asegurados.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Copia do convenio entre concellos ou entre estes e as AVPC para prestar servizos de protección civil.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería, de conformidade cos artigos 35 letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non trascorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.



**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si se solicitou e/ou concedeu outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ ORGANISMO/ ENTE OU SOCIEDADE	IMPORTE SOLICITADO(€)	IMPORTE CONCEDIDO (€)

2. Que a agrupación de voluntarios de protección civil da que é presidente/a cumpre co disposto no artigo 54 do Decreto 56/2000.
3. Que a agrupación que representa non foi condenada por sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións públicas.
4. Que a agrupación que representa cumpre os requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública coa comunidade autónoma nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.
5. Que os datos presentados na memoria da AVPC son veraces.
6. Que se compromete a comunicar por escrito aos servizos de emerxencia provinciais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a súa aceptación ou renuncia no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
7. Que se compromete a someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que se lles requira no exercicio desas actuacións. En especial, deberán facilitar a información que lles sexa solicitada por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas ou o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
8. Que se compromete a comunicar ao órgano concedente a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
9. Que se compromete a achegar os documentos xustificativos dos gastos que se indican no artigo 12.
10. Que se compromete a conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto de actuación de comprobación e control. En calquera caso, este período non será inferior a 5 anos.
11. Que se compromete a reintegrar as subvencións nos supostos recollidos no artigo 15 da orde, co procedemento que alí se indica.
12. Que non se solicitaron outras subvencións para os mesmos fins que as que se subvencionan con cargo á Orde do 27 de marzo de 2014.
13. Que as subvencións solicitadas para a mesma finalidade, no seu conxunto, non superan o custo da actividade subvencionada.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO II

SUBVENCIÓNS ÁS AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL
CERTIFICADO DA CONCESIÓN DOUTRAS AXUDAS PARA OS MESMOS FINS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN EN CALIDADE DE PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA

- Que non se solicitaron outras subvencións para os mesmos fins que as que se subvencionan con cargo á Orde do 27 de marzo de 2014.
- Que as subvencións solicitadas para a mesma finalidade, no seu conxunto, non superan o custo da actividade subvencionada.

Que cumpre cos requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, estar ao día das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>